


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

19-22 de xuño do 2025

FESTA DE CORPUS CHRISTI



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe, nesta festa do Corpus, afirmamos a nosa fe na presenza real de Xesús entre nós. Faise á nosa beira como pan compartido ao arredor da mesa do altar; faise á nosa beira dende a tenrura e a solidariedade, como logo imos escoitar no evanxeo.

Xesús entrégase e quédase con nós. Celebrámolo nesta festa do Corpus na que Cáritas chama a non esquecer que os xestos verdadeiramente importantes son os que saen do corazón: a entrega, o cariño, o compromiso, a paz.

Con Cristo facemos a xustiza e paz, para que todos teñamos pan, con Cristo vivimos a fraternidade para que ninguén se sinta só, con Cristo facemos solidariedade para que ninguén quede afastado da mesa da vida, con Cristo vivimos o amor e a fe para que todos poidamos ser membros do seu corpo facendo crible o evanxeo.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Miramos agora para a nosa vida, porque nela, ás veces, obramos sen facer presente e real a Cristo entre nós. Recoñecelo é poñernos no camiño de pedir perdón e comprometermos:*

Monitor/a

- Queremos achegarnos a Ti, Señor, pero seguimos marxinando e deixando de lado aos pobres, os teus preferidos. Señor, axúdanos a compartir
- Queremos sentarnos contigo á mesa, pero non sempre o facemos sentíndonos verdadeiramente irmáns. Cristo, axúdanos a compartir
- Comulgamos co pan da vida; pero non nos enchemos da túa Vida ao deixarnos levar de egoísmos e rutinas. Señor, axúdanos a compartir

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón, concédenos o perdón dos pecados e lévanos á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Agradecemos a cantos comparten mesa con nós, e lembramos a todas as persoas que non teñen nin mesa nin pan.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, neste sacramento admirable deixáchesnos o memorial da túa Vida.

Concédenos venerar o santo misterio do teu Corpo e do teu sangue de xeito que sintamos en nós o froito da túa redención.

Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai, na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus que agora imos escoitar é o recordo do que Paulo lembra daquela cea, da que a el lle contaron. Aquela cea de Xesús compartindo pan e viño.*

Non foi unha cea estraña, foi un encontro máis coma o que nos conta o evanxeo.

Leccionario I-C páx 295 **1 Cor 11, 23-26** LECTURA

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Eu recibín do Señor, e transmitivos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar grazas, partiuno e dixo:

- "Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en lembranza miña".

Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo:

- "Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebedes, facédeo en lembranza miña".

Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes esta copa, anunciades a morte do Señor, ata que El volte.

Palabra do Señor



🎵 **nº 53 Onda Ti noso Pai** **SALMO**

(en pé) *Leccionario I C* páx 299 **Lc 9, 11-17** **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela faláballes Xesús á xente do Reino de Deus e curaba a cantos o necesitaban. E como empezaba a caer o día, achegáronse os Doce e dixéronlle:

- Despide a xente, para que vaian ás vilas e aldeas próximas en procura de sitio para se hospedaren e para que poidan tamén comprar algo que levar á boca, porque aquí estamos nun descampado.

Pero el replicoulles:

- Dádelles vós de comer.

Eles contestaron:

- Pero ¡se non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes! A non ser que vaíamos nós mercar mantenza para toda esta xente.

Eran uns cinco mil homes. Mais el díxolles aos seus discípulos:

- Colocádeos en grupos de cincuenta.

Dixéronllo, e sentaron todos. El, colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a vista ao ceo, bendiciunos, partiunos e déullos aos discípulos, para que llelos servisen á xente. Comeron todos a fartar, e coas sobras encheron aínda doce cestas.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Deixémonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo e profesemos a nosa fe no Deus feito Corpo e Sangue para a nosa vida*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai que ama de verdade

e que nos creou á súa semellanza para amar?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,
irmán de todos, que demostrou que compartir e dar vida
é o camiño que nos achega ao Reino do ceo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito de Deus,

que alenta no corazón para sermos testemuñas de Cristo
feito Pan de Vida para todos?.

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na Igrexa,

familia de todos os homes e mulleres que en comunidade
queremos ser membros do Corpo de Cristo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *A Ti, Deus da paz e da xustiza, do amor e da vida, rezamos dicindo confiados:*

Señor da vida, escóitanos

Monitor/a

✓ Por todas as persoas que formamos a Igrexa, para que nas palabras e nos feitos da nosa vida fagamos camiños de caridade, e así o Señor quédase con nós, oremos

✓ Por todas as persoas que dan unha man en Cáritas, alentando e acompañando, e así o Señor quédase con nós, oremos

✓ Polas vítimas de abusos e violencia, polas persoas e os pobos que viven sen paz, para que atopen en nós palabras de alento, e mans agarimosas, e así o Señor quédase con nós, oremos

✓ Pedimos por tantas e tantas persoas que viven rodeadas de fame e miseria en países empobrecidos, pero tamén á nosa beira, como nos mostra Cáritas diocesana de Tui-Vigo, e así o Señor quédase con nós, oremos

✓ Por nós, que compartimos na fe un mesmo pan, para que sempre lle poñamos corazón a todo aquilo que facemos, e así o Señor quédase con nós, oremos

Celebrante: *Grazas, Señor, por querer ser alimento na nosa vida, Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezar é saber que somos membros do Corpo de Cristo. É ter experiencia persoal de Deus, é fundirnos con El, é falarlle ao seu corazón como agora facemos:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús conta con nós para levarmos á vida o pan do Evanxeo. É moi fácil, só hai que compartir desexos de paz para calar aos que se cren máis valentes por usar a violencia. Nós, sementemos PAZ porque nos doe e nos escandaliza o nada que vale a vida cando se malvive na violencia. Nós somos xentes de paz. Sómolo agora compartindo coma irmáns.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *O señor segue a reunirnos ao redor dunha mesa para que compartindo, o descubramos. Sintámonos benaventurados e ditosos pois, coma membros do seu Corpo, estamos agora convidados a este Pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 47 Ti es o pan do ceo**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, na Eucaristía ti dásnos o teu Corpo e o teu Sangue que anuncian e anticipan o banquete do teu Reino. Que por esta comunión de hoxe consigamos a plenitude da túa vida eterna. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Adoración do Santísimo

Preparamos a custodia (se cadra) ou o copón cantando

🎵 **nº 47 Ti es o pan do ceo**

Reflexión ante Cristo sacramentado.

Ti Señor disnos: ABRE A PORTA

aos berros impotentes dos refuxiados, ao silenzo de quen vive afogado na soidade, a quen vive desafiuzado do seu fogar, a quen precisa de pan porque non ten nada que levar á boca. Contigo, Señor, abrimos a porta.

Ti Señor disnos: NON TEÑAS MEDO

non levantes máis muros nin fronteiras. Non deixes que o medo bote as súas raíces no teu corazón. Confía, cre na bondade e no amor, e abre os teus brazos para acoller aos demais. O encontro con outras persoas vaite encher de vida e novidade. Contigo, Señor, non temos medo.

Ti Señor disnos: DÉIXATE CAMBIAR,
*deixa a un lado prexuízos que imaxinaches sen coñecer,
e as críticas que fixeches sen saber. Contigo, Señor,
sabemos que vale a pena arriscar e dar oportunidade.*

Ti Señor disnos: SAE AO ENCONTRO,
*sae do teu lugar de conforto e atópate comigo, que
habito en cada persoa. En cada encontro farás posible
que comece a brotar a fraternidade. Contigo, Señor,
saímos ao encontro.*

**Ti Señor disnos: PONTE EN MARCHA E CAMIÑA
EN COMUNIDADE,**
*“Ide e anunciade a todos a boa noticia”, dígovos e
dígoche. Non podes quedar aí, no asento de sempre.
Contigo, Señor, queremos ser sinais de vida e esperanza
para mellorar o mundo.*

Bendición co Santísimo Sacramento

*Neste momento pedímoslle ao Señor que nos bendiga,
e nós queremos bendicilo a El e a todos os homes e
mulleres de ben.*

*Bendicimos a quen coida dos seus seres queridos,
bendicimos a quen o fai ben con maiores, bendicimos a
quen se esforza pola ensinanza dende o fogar,
bendicimos a quen non cala abusos e desigualdades,
bendicimos a quen fai parroquia e igrexa a nosa beira.
Bendicimos e deixámonos bendicir.*

Oración final (pódea ler alguén da parroquia)
Cristo, non téns mans, téns só as nosas mans
para construír un mundo onde haxa xustiza.

Cristo, non téns pés, téns só os nosos pés
para poñer en marcha a liberdade e o amor.

Cristo, non téns labios, téns só a nosa boca
para anunciar polo mundo a boa noticia dos pobres.

Cristo, non téns medios, téns só o noso obrar
para lograr que todas as persoas sexan irmáns.

Cristo, nós somos o teu evanxeo,
o único que as persoas poden ler,
se as nosas vidas son obras e palabras túas.

Cristo, dános a túa forza
para facer medrar os nosos dons
e facer ben todas as cousas.

***Que teñamos un bo día, o Señor nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

**Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,**

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ

**NON HAI MELLOR XEITO PARA CELEBRAR
QUE SOMOS CORPO DE CRISTO**